**CONCELLO DE TOQUES**
Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

CONCELLO DE TOQUES

# EXTRACTO- RESUMO CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DA LIÑA DE SUBVENCIÓN PEL-REACTIVA DE APOIO DESTINADAS A PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO, SOCIAL E LABORAL DOS TRABALLADORES E EMPRESAS DERIVADO DA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLO COVID- 19.

## PRIMEIRO.–PERSOAS BENEFICIARIAS.

Poderán ser persoas beneficiarias de estas axudas, en xeral, as persoas traballadoras por conta propia ou autónomos e as microempresas radicadas no término municipal de Toques que estiveran directamente afectadas pola crise sanitaria e pola entrada en vigor do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma.

De maneira máis concreta, existen tres supostos que dan dereito a solicitar a subvención que son os seguintes:

**1.- Persoas traballadoras por conta propia ou Autónomos e Microempresas que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma.**

**2.- Persoas traballadoras por conta propia ou Autónomos e Microempresas que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, como mínimo, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre anterior ( é dicir, a media do último trimestre do ano 2019 e o primeiro trimestre do ano 2020 ).**

**3.- Persoas traballadoras por conta propia ou Autónomos e Microempresas que se viran na obriga de acollerse a un ERTE nos termos establecidos no RD 465/2020.**

**DEFINICION MICROEMPRESA:** A efectos desta subvención se considera microempresa aquela que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excede de 2 millóns de euros.

## SEGUNDO.- REQUISITOS.

Para ter dereito á percepción da subvención, se deben cumprir os seguintes requisitos:

**1.- Domicilio fiscal no Concello de Toques.**

**2.- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. Estas circunstancias son as seguintes:**

**CONCELLO DE TOQUES**
Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es
CONCELLO DE TOQUES

a) Haber sido condenadas mediante sentencia firme a la pena de pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones o ayudas públicas o por delitos de prevaricación, cohecho, malversación de caudales públicos, tráfico de influencias, fraudes y exacciones ilegales o delitos urbanísticos.

b) Haber solicitado la declaración de concurso voluntario, haber sido declarados insolventes en cualquier procedimiento, hallarse declarados en concurso, salvo que en éste haya adquirido la eficacia un convenio, estar sujetos a intervención judicial o haber sido inhabilitados conforme a la Ley 22/2003, de 9 de julio, Concursal, sin que haya concluido el período de inhabilitación fijado en la sentencia de calificación del concurso.

c) Haber dado lugar, por causa de la que hubiesen sido declarados culpables, a la resolución firme de cualquier contrato celebrado con la Administración.

d) Estar incursa la persona física, los administradores de las sociedades mercantiles o aquellos que ostenten la representación legal de otras personas jurídicas, en alguno de los supuestos de la Ley 3/2015, de 30 de marzo, reguladora del ejercicio del alto cargo de la Administración General del Estado, de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas, o tratarse de cualquiera de los cargos electivos regulados en la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, en los términos establecidos en la misma o en la normativa autonómica que regule estas materias.

e) No hallarse al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias o frente a la Seguridad Social impuestas por las disposiciones vigentes, en la forma que se determine reglamentariamente.

f) Tener la residencia fiscal en un país o territorio calificado reglamentariamente como paraíso fiscal.

g) No hallarse al corriente de pago de obligaciones por reintegro de subvenciones en los términos que reglamentariamente se determinen.

h) Haber sido sancionado mediante resolución firme con la pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones conforme a ésta u otras leyes que así lo establezcan.

i) No podrán acceder a la condición de beneficiarios las agrupaciones previstas en el artículo 11.3, párrafo segundo cuando concurra alguna de las prohibiciones anteriores en cualquiera de sus miembros.

j) Las prohibiciones de obtener subvenciones afectarán también a aquellas empresas de las que, por razón de las personas que las rigen o de otras circunstancias, pueda presumirse que son continuación o que derivan, por transformación, fusión o sucesión, de otras empresas en las que hubiesen concurrido aquéllas.

**3. Estar ó corrente coa SS, coa Axencia Tributaria estatal e autonómica.**
**4. Non ter débedas co Concello de Toques.**
**5. Estar ó corrente das obrigas tributarias coa Deputación Provincial de A Coruña.**
**6. Cumprir coas obrigas establecidas na Base 14 das presentes Bases que son as seguintes:**

- Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases.
- Os/as beneficiarios/as están obrigados a permanecer en alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/ Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, a manter a mesma forma xurídica polo menos 3 meses dende a finalización do período subvencionable.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a). No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que teña solicitado outra subvención na presente convocatoria.
- Cumprir coa normativa de minimis e non superar os límites establecidos na normativa para o seu sector, se esta resultase de aplicación.
- Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais e acreditar que a suma de todas elas non supera o límite de 40.000 €.
- Comunicar de inmediato ao concello calquera modificación que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte do Departamento responsable das axudas.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos establecidos nas Bases e na convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente nun lugar visible do centro de traballo, logotipo do Concello, da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.
- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e de finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que

poderá efectuar o concello, como outros órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.

- Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello.
- Someterse ao control financeiro, ben sexa exercido polo órgano interventor municipal, ben polo órgano interventor da Deputación.

**7. - Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ( RETA ) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con anterioridade ó día 14 de marzo de 2020 ( día da declaración do 1º estado de alarma ). REQUISITO ESPECIFICO DAS PERSOAS FISICAS.**
**8. Data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscripción, no rexistro público correspondente con anterioridade ó día 14 de marzo de 2020 ( día da declaración do 1º estado de alarma ). REQUISITO ESPECÍFICO DAS PERSOAS XURÍDICAS.**

**TERCEIRO.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

A documentación común a **presentar por todos os posibles beneficiarios** é a seguinte:

- NIF/NIE ou CIF segundo corresponda.
- Designación de conta bancaria segundo o modelo normalizado do Concello
- Anexo VIII: Solicitude da axuda
- Anexo IX: Declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas.

A documentación específica dos Beneficiarios do Grupo I ( **Persoas traballadoras por conta propia ou Autónomos e Microempresas que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma )** é a seguinte:

- Certificado actualizado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria.
- Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o seu número de traballadores/as

A documentación específica dos Beneficiarios/as do Grupo II ( □**Persoas traballadoras por conta propia ou Autónomos e Microempresas que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, como mínimo, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre anterior, é dicir, a media do último trimestre do ano 2019 e o primeiro trimestre do ano 2020 ) é a seguinte:**

- Certificado actualizado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria.
- Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o seu número de traballadores/as

- Acreditación da redución de ingresos dende os seis meses previos á declaración do estado de alarma e ata a data de presentación da solicitude da axuda, mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.

A documentación específica dos Beneficiarios/as do Grupo III ( **Persoas traballadoras por conta propia ou Autónomos e Microempresas que se viran na obriga de acollerse a un ERTE nos termos establecidos no RD 465/2020 ) é a seguinte:**

- Certificado actualizado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria.
- Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o seu número de traballadores/as
- Documento acreditativo da situación de ERTE.

**CUARTO. CONTÍA E PERIODO SUBVENCIONABLE.**

O importe da subvención será fixo, e determinarase conforme aos seguintes criterios:
**A)** Traballadores/as por conta propia ou autónomos, sen traballadores ao seu cargo, afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma: **1.500,00 €**

B) Traballadores/as por conta propia ou autónomos con traballadores/as ao seu cargo e microempresas afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou que se visen na obriga de acollerse a un ERTE, atendendo a seguinte escala:

- **Un só traballador/a: 2.000,00 €.**
- **Entre 2 e 5 traballadores/as: 2.500,00 €.**
- **Entre 6 e 9 traballadores/as: 3.000,00 €.**

**O período subvencionable abarcará dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.**

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es


ata un máximo de 40.000 €. O importe de axuda a conceder será minorada na cantidade que exceda deste límite.

## QUINTO.–CREDITO ORZAMENTARIO TOTAL.

**Para a financiación deste programa de axudas se establece un crédito total de 14.089,98 €, efectuándose con cargo ós orzamentos municipais do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria: 430.47000.**

O crédito orzamentario que é financiado con cargo a fondos propios do Concello é por importe de 2.818,00 euros ,mentres que o crédito orzamentario que é financiado pola Deputación Provincial de A Coruña a través do programa PEL REACTIVA é de 11.271,99 euros.

## SEXTO.–PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá **aberto ata o día 25 de novembro ás 14:00 horas.**